



MEMORIA ECONÓMICA E DE TRANSPARENCIA DO CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E A ASOCIACIÓN VECINAL DE DONÍS PARA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA AO PROXECTO SENLLEIRO "CONSTRUCCIÓN DUNHA ÁREA RECREATIVA NA CONTORNA DE DONIS", DENTRO DA CATEGORÍA DE PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DA CONTORNA NATURAL DA COMARCA.

Expediente: CNV26_11

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Axencia) creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (*DOG* núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (*DOG* núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesionar a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista





do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

De conformidade co disposto nesta normativa, compete a Axencia, entre outras funcións:

- Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.
- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais
- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas áreas rurais.

A Axencia, no marco das súas competencias e accións estratéxicas, ven apoiando mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por concorrer nelas características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros (<https://agader.xunta.gal/gl/axencia/transparencia-e-goberno-aberto/relevancia-xuridica/consello-de-direccion-de-agader>), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros as Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo) (<https://agader.xunta.gal/gl/axencia/transparencia-e-goberno-aberto/relevancia-xuridica/consello-de-direccion-de-agader>).

A regras deste Acordo conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.





SEGUNDO.- Xustificación do interese público e social, singularidade e excepcionalidade e da non concorrencia pública da actuación proposta

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria.

A Axencia é consciente da necesidade de favorecer a contorna rural, a preservación do patrimonio que alberga e a promoción do seu potencial turístico e económico, de xeito que se mellore tanto a calidade de vida da poboación, mediante unha adecuación da oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e se preste unha completa gama de servizos básicos que melloren as condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

- Interese público e social:

O 30 de abril de 2026 a Asociación vecinal de Donís presentou unha solicitude de convenio a esta Axencia para o financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría de "Promoción e posta en valor da contorna natural da comarca". Xunto coa solicitude achegou unha memoria valorada para realizar obras de creación dunha área recreativa na contorna de Donís.

Con esta intervención preténdese potenciar o desenvolvemento sostible da zona, poñendo en valor os seus recursos naturais e culturais. Os obxectivos son, entre outros, mellorar a calidade de vida da veciñanza, proporcionándolles un espazo público para o lecer, conservar e valorizar o patrimonio natural e paisaxístico, mediante un deseño que respecte o entorno e promova a educación ambiental e o respecto polo medio.

- Singularidade e excepcionalidade:

Preténdese actuar nunha contorna declarada como zona de especial protección polos seus valores naturais e que forma parte da Rede galega de espazos protexidos (Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia).

Así mesmo, de acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrencia pública para a realización desta actuación, dada a necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor da contorna natural da comarca.

Neste caso, o proxecto presentado pola Asociación vecinal de Donís para a creación dunha área recreativa na contorna de Donís destaca por ser un proxecto onde se pretende levar a acabo actuacións para a reparación dun espazo necesario para seguir mantendo a conexión entre os territorios do rural e da poboación.





Dado o carácter puntual e ocasional deste tipo de apoio, e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través dun convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas.

Polo tanto, a subvención directa decídese en base a criterios obxectivos que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros.

En concreto, a actuación proposta reúne as características previstas na categoría D) da regra 3 do acordo do 20 de abril de 2022:

- a. Actuar en contornas declaradas como zona de especial protección polos seus valores naturais ou que formen parte da Rede galega de espazos protexidos (Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia).
- b. Mellorar a restauración, a conservación, a protección, o coñecemento, a divulgación ou o uso sustentable do patrimonio natural.

Por outra banda, a regra 4. do citado Acordo do 20 de abril de 2022 (modificado neste apartado polo Acordo de 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia), sinala entre as posibles entidades beneficiarias das axudas para os proxectos senlleiros as entidades de participación cidadá: asociacións, confederacións, federacións ou unións de asociacións que se atopen inscritas no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

TERCEIRO.- Financiamento

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Asociación vecinal de Donís queren asinar un convenio para a concesión dunha subvención directa para o proxecto referenciado a continuación:

- PROXECTO: *"Memoria para a construción dunha área recreativa na contorna de Donís, concello de Cervantes (Lugo)"*.
- ORZAMENTO: Vinte dous mil centro catro euros con dezaioito céntimos (22.104,18 €).

- FINANCIAMENTO:

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	80%	17.683,34 €
Asociación vecinal de Donís:	20%	4.420,84 €
TOTAL	100%	22.104,18 €





A contribución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 2026 15.A1.712A.781.0 (Código proxecto 2017 00003). Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural).

- Plan Estratéxico de Galicia:

Integración no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 Proxecto 2017 00003		
Eixo	E3	Competitividade e crecemento
Prioridade de actuación	PA05	Aproveitar as potencialidades de Galicia cara un sector primario moderno e competitivo.
Obxectivo estratéxico	E06	Contribuír o desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego.
Obxectivo operativo	OI01	Actuacións de soporte e apoio (gasto de funcionamento)

- Vixencia: O convenio estenderá a súa vixencia desde o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de outubro de 2026, data máxima para executar e xustificar as actuacións incluídas no proxecto "*Memoria para a construción dunha área recreativa na contorna de Donís, concello de Cervantes (Lugo)*".

- Orzamento xeral

Capítulo	Resumen	Importe
1	Roza e acondicionamento do terreo	3.143,50 €
2	Peche perimetral	3.189,42 €
3	Mobiliario	10.556,00 €
4	Axardinamento	532,00 €
5	Outros	847,00 €
Total execución material		18.267,92 €
IVE (21%)		3.836,26 €
Total		22.104,18 €

Na instrución do expediente deberán incorporarse os seguintes informes:

- Informe da Asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia
- Informe da Intervención xeral da Comunidade Autónoma.
- Informes sectoriais:





- Informe emitido polo Instituto de Estudos do Territorio.
- Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Lugo que autoriza as actuacións propostas
- Resolución da Alcaldía do concello de Cervantes que declara completa a comunicación previa de obras menores
- Autorización do Servizo de Patrimonio Natural, preceptiva por atoparse as actuacións previstas dentro do ámbito de afección de Espazo Natural Protexido da Rede Natura 2000, Ancares-Courel.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo c previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para tramitar este convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano competente para o acordo de convenios por importe inferior a 900.000,00 € que deba concertar a Axencia para o axeitado exercicio das súas funcións é o Consello de Dirección da Axencia, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral (apartado Primeiro, II, 7 do acordo do Consello de Dirección da axencia do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 -DOG nº 148, do 5.8.2013-).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O que se propón para a súa tramitación,
O subdirector de Planificación e Dinamización do Medio Rural
Bruno Fernández González

Conforme coa proposta,
A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento
Rural
M^a Paz Rodríguez Rivera

